

## QUE FACER DESPOIS DO BACHARELATO?

Imos dedicar o artigo de hoxe ao alumnado de 2º de bacharelato.

1.- Datas das ABAU? **a Consellería de Educación e a CIUG acordan que a convocatoria ordinaria da ABAU en Galicia será o 7, 8 e 9 de xullo.** A convocatoria extraordinaria será en setembro, antes do día 10.

2.- Modifícase o temario das ABAU? NON. Será un modelo de exame similar aos cursos pasados. Que novidade terá? unha **maior opcionalidade** Que quere dicir isto? Que vas poder escoller aquel grupo de preguntas que pertenza ao temario impartido. O obxectivo é garantir que o alumnado poida acadar a máxima puntuación sen que llo impida o feito de non ter recibido algún dos contidos previstos.

Debes estar tranquila/o neste aspecto, poder escoller alí no momento entre varios exames vai che permitir asegurar que non vas ter que contestar a contidos non impartidos.

Lembra que toda a información sobre as ABAU está na páxina da comisión interuniversitaria de Galicia: <https://ciug.gal/gal> e só aí, é o único organismo oficial que se encarga das ABAU e do proceso de acceso ás tres universidades galegas.

Pegámosche a continuación enlaces e ferramentas que poden ser de interese para ti á hora de escoller que o queres facer no curso que vén:

Podes descargar aquí unha ferramenta que pode ser de moita axuda elaborada polo Centro Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña (CMIX) a [Guía Ti Elixes! 2019](#), consta de dous documentos: un directorio de fontes de información sobre emprego e educación cos recursos máis salientables nestes dous ámbitos, e unha selección das bolsas convocadas nestes dous últimos anos por entidades públicas e privadas. Foi elaborada no último trimestre do curso pasado, aínda non temos a deste ano, pero de calquera xeito pode serche moi útil.

### Quero seguir estudos universitarios:

Se queres acceder á universidade podes ver aquí as [notas de corte deste curso 2019-20](#), lembra a nota que aparece aí é a da última alumna/o matriculada.

Tes aquí tamén as [táboas de ponderación para o curso 2020-21](#) por se tes algunha dúbida.

Se queres atopar información sobre determinadas carreiras:

Podes facelo indo á páxina de cada universidade e ver a oferta de graos, materias de cada curso, etc:

[Universidade da Coruña](#)

[Universidade de Santiago de Compostela](#)

[Universidade de Vigo](#)

Nesta enlace da orientadora Mónica Diz Besada podes ver todos os graos que se imparten nas universidades galegas co seu correspondente enlace a cada un deles: [Plans de estudos no Sistema Universitario Galego](#)

Se estas pensando en saír fóra a estudar podes usar este buscador da revista [Y ahora que](#), unha revista que ti coñeces porque estamos subscritos a ela no instituto. Co seu buscador podes ver onde estudar unha carreira que che interese, a nota de corte e enlace ás diferentes universidades de todo o estado.

### **Quero seguir estudos de Formación Profesional:**

Na páxina da Consellería referida á Formación Profesional podes atopar toda a información: <http://www.edu.xunta.es/fp/>

Se quero coñecer a oferta educativa, todos os ciclos e onde se estudan podo buscalos de 2 xeitos:

- [Clasificada por familia profesional e ciclo formativo](#) (actualizado 21.06.2019)
- [Clasificada por provincia e concello](#) (actualizado 21.06.2019)

A oferta que ves nestes enlaces vai traer tanto a FP básica, grao medio e grao superior, ti debes buscar os que aparecen como **CS**, ciclo Superior.

.....

De calquera xeito lembra que máis importante aínda que estudar e decidir que vou facer o curso vindeiro é **COIDARSE**, coidar a limpeza, alimentación, descanso, coidar o corpo, (facer algo de exercicio físico), coidar a mente, (facer algo de relaxación), saber que é normal atoparse nerviosa, angustiada, desanimada... son sentimentos normais nesta situación de confinamento. Intenta estar conectado coas amizades, coas compañeiras/aos de clase, co profesorado... pide axuda e lembra que **DISTO IMOS SAÍR E IMOS SAÍR BEN**.

Se tes algunha dúbida que queiras preguntarme mándame un correo a: [mxosebravo@edu.xunta.gal](mailto:mxosebravo@edu.xunta.gal)